



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ" - MM. JOSEFINAS  
CONCERTADO

Rúa do Progreso 24  
Tlf: 988.220990  
Fax: 988.220638  
www. josefinasourense.com  
E-mail: [josefinas@josefinasourense.com](mailto:josefinas@josefinasourense.com)  
32005 Ourense

# REGULAMENTO DO COMEDOR



## I.- INTRODUCCIÓN

Ao longo das últimas décadas o concepto tradicional de familia sufriu grandes cambios. Prodúcese unha evolución a consecuencia de cambios sociais como a incorporación da muller ao mundo laboral, o aumento de familias monoparentais, a diminución do número de fillos e o feito de que estes prolonguen a súa estancia no domicilio familiar, etc. A familia extensa, tradicional está sendo substituída por outras instancias como as garderías, escolarización obrigatoria ata os dezaseis anos,... que fragmentan a intervención educativa dando lugar a que os centros educativos teñan unha maior importancia.

Dentro dos servizos complementarios do Colexio San José forma parte o comedor escolar dando resposta a aquelas familias que por motivos persoais ou laborais demandan este servizo.

O comedor escolar é educativo que procura a consolidación duns hábitos de saúde e hixiene que os nenos/as desenvolven no seu contorno familiar, pero que ao facelo no centro, ademais, permite traballar outros valores coma a solidariedade, a convivencia, a cooperación e a tolerancia, deste xeito contribúe ao proceso de formación integral do alumnado.

## II.- OBXECTIVOS

O comedor escolar é un servizo educativo complementario que debe atender á consecución dos seguintes obxectivos:

### 1. Educación para a Saúde:

- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta Educación para a Saúde.
- Iniciarse en gustos variados e na inxesta de todo tipo de alimentos.
- Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa así como manter posturas correctas ou utilizar ben os utensilios para comer.
- Garantir unha dieta equilibrada que favoreza a saúde.
- Concienciar ás familias da importancia de continuar na casa os mesmos hábitos de conduta e nutricionais do comedor



### 2. Educación para a Convivencia:

- Espertar nos alumnos/as o espírito de cooperación, implicandoos, según as súas posibilidades, nas tarefas de servizo do comedor, retirar o servizo, sendo puntuais, non falando coa boca chea,

dando grazas a quen serve, sen xogar nin pelexar cos compañeiros...

- Fomentar a convivencia e as actitudes de respecto e tolerancia aos demais membros da Comunidade Escolar.
- Lograr un ambiente agradable, falando en voz baixa, sen facer ruído, sen empurróns, pedindo as cousas por favor e saíndo sen alborotar.
- Coidar e respectar o mobiliario, aparellos e utensilios de uso comunitario.

### 3. Educación para o Ocio e a Responsabilidade:

- Crear hábitos e proporcionar estratexias para a utilización correcta do tempo de lecer.
- Planificar actividades de ocio e tempo de lecer que contribúan ao desenvolvemento harmónico da personalidade e o fomento de hábitos sociais e culturais.
- Xogar nos lugares sinalados, obedecendo aos educadores, compartindo porterías e balóns e aseándose cando toque a quenda.



### III. OFERTA E RECURSOS DO SERVIZO DE COMEDOR.



a) Atención a madrugadores con almorzo: xestionado pola ANPA.

b) Comida e tempo de lecer: xestionado polas Siervas de San José.

c) Recursos. Monitoras especialistas, cociñeiros. Todo o persoal posúe o carné de manipulador de alimentos. O comedor está habilitado para dar cabida a todos os que

demanden este servizo.

### IV.- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

1. O comedor escolar funciona desde o primeiro día lectivo do mes de setembro e rematará o último día lectivo do mes de xuño.
2. Os alumnos que vaian utilizar este servizo terán que notificalo cubrindo o impreso que se facilita na administración.
3. Os alumnos que utilicen este servizo de xeito esporádico, estarán suxeitos á dispoñibilidade de prazas e o custe do servizo incrementarase.
4. Cada alumno leva a súa casa o menú mensual, ao mesmo tempo sae publicado na páxina web do centro, para que a familia complemente a dieta, dito menú poderase variar de xeito excepcional.

5. No caso de que algún alumno/a necesite tomar medicación será a responsable do comedor a encargada da administración da mesma, previamente asinada a autorización polos pais (ver anexo 1).
6. Para calquera tema relacionado co comedor, deberán dirixirse a Administración ou a encargada do comedor.
7. No comedor establecéronse dous horarios de comidas: ás 14:00h. e ás 14:30h.
8. O servizo de comedor está xestionado pola empresa “Antonio Gallego Cid SL”. Todos os produtos son comprados directamente e elaborados na cociña do Centro. Isto ten a vantaxe de poder asegurar unha maior calidade tanto na selección dos alimentos como no proceso de preparación. Os menús os propón mensualmente a empresa, e son supervisados por un equipo do Colexio, que fai suxestións sobre a combinación de alimentos, a distribución e frecuencia. Ademais tómanse mostras de todas as comidas que son analizadas polos servizos sanitarios da empresa, laboratorio de análise “Biotecnal” e pola inspección sanitaria da Provincia.
9. Cando un alumno/a necesite dieta blanda, deberá comunicalo previamente á administración (ver anexo 2).

Nos casos especiais (celíacos,..): porase en coñecemento do profesor-titor, equipo directivo e administración para informar ao persoal do comedor.

10. Ao comedor temos que levar unha bolsa de aseo marcada co nome con: peite, vaso de plástico, toallíña, cepillo e pasta de dentes, xabón e colonia nun frasco pequeno de plástico.
11. De xeito voluntario poderemos levar un mandilón para o comedor. O modelo pódese atopar nos establecementos dos arredores.



## V.- NORMAS DE CONVIVENCIA

### HIXIENE

- Os alumnos deberán facer uso do servizo e lavarse as mans antes de entrar ao comedor.
- Porase especial coidado na correcta utilización dos cubertos.
- Non se tirará pan, auga ou restos de comida ao chan nin aos demais compañeiros.
- Os alumnos utilizarán cada un a súa bolsa de aseo.
- Despois de comer pasarán polo servizo para o seu aseo persoal.

## ORGANIZACIÓN E COMPORTAMENTO

- Ao rematar as clases os alumnos de Ed. Infantil serán recollidos polas educadoras nas aulas, organizándoos en fila para baixar ao comedor. Os alumnos de Primaria e ESO irán ao comedor na súa quenda.



- A entrada ao comedor farase con orde, sen correr, sen empurróns e sen gritar.
- Os alumnos sentaranse nos lugares asignados, podendo ser cambiados a criterio dos monitores do comedor.
- Deberase respectar todo o material e utensilios do comedor sendo responsables os alumnos do deterioro polo mal uso.
- Deberán permanecer correctamente sentados e pedir permiso para levantarse.
- Ao terminar recolleran a mesa axudando aos mais pequenos.
- Os alumnos están obrigados a respectar as educadoras, obedecendo e seguindo as súas indicacións.

## TEMPO DE LECER

- Os alumnos permanecerán no patio ou nas dependencias que lle indiquen as monitoras, en función da climatoloxía, baixo a súa supervisión.
- Non se permite a práctica de xogos perigosos, entendendo por elo aqueles que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas.



## VI.- OBRIGACIÓN DOS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS DOS ALUMNOS

- Os pais/nais/titores legais dos alumnos respectarán e aceptarán o presente regulamento.
- De non ser así poderán ser causa de baixa no Comedor Escolar.

## VII.- OBRIGACIÓNS DOS ALUMNOS

No comedor:

- Seguir sempre as indicacións do persoal.
- Tratar co debido respecto ao persoal.
- Tratar co debido respecto aos compañeiros.
- Falar en voz baixa no comedor, co fin de non molestar aos demais.
- Manter a compostura na mesa.
- Non manipular os alimentos coas mans.
- Utilizar correctamente os utensilios.
- Non xogar.
- Non levantarse da mesa ata que termine ou indique o monitor.

## VIII.- PERSOAL DO COMEDOR

- Cumprirá coa labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio as actividades establecidas.
- Coordinará as tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación dos utensilios do comedor.
- Axudará ao alumnado que por idade ou necesidade o necesite.
- Atenderá ao alumnado no desenvolvemento das actividades.
- Será responsable dos alumnos durante o horario de servizo do comedor, vixiando e coidando deles ata que os recollan os pais ou o profesor.
- Establecerán pautas de actuación dos usuarios, educándoos nas normas básicas de comportamento na mesa.
- Marcarán as directrices de utilización dos espazos a ocupar nas actividades lúdicas.
- Comunicarán á encargada do comedor as faltas leves que se produzan..

## IX. FALTAS E SANCIONES

Considéranse faltas leves:

- Non cumprir as normas de convivencia do comedor, que afecten levemente o bo funcionamento do servizo.

Sancións:

- Amoestar verbalmente ao alumno polo educador.
- Realizar tarefas relacionadas coa falta cometida ou de servizo aos demais.

Considéranse faltas graves:

- Perturbar de xeito continuado o normal funcionamento do servizo do comedor.
- Faltas de respecto ao persoal do comedor.
- Desperdiciar a comida.
- Non cumprir as normas de convivencia.

Sancións:

- Calquera das sancións contempladas para as faltas leves.
- Comunicar por escrito aos pais.
- Expulsión temporal do comedor.

Considéranse faltas moi graves:

- Calquera conduta que afecte moi gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

Sancións:

- Expulsión do comedor por un período de tempo.
- Inhabilitación para usar o servizo do comedor de xeito definitivo.

ANEXOS:

Anexo 1. AUTORIZACIÓN DE ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS

D/D<sup>a</sup> : ..... padre, madre o tutor/a legal del alumno/a  
....., matriculado en .....curso, en el Colegio San  
José de Ourense y, solicitado el servicio de comedor del colegio:

AUTORIZO a que la persona responsable del Comedor del Colegio, durante la comida, le suministre la medicación que por prescripción médica debe tomar ..... Esto conlleva a que el Centro no sea responsable en caso de que la medicación pudiera traer contraindicaciones y asumiendo la familia dicha responsabilidad.

Para que así conste a cualquier efecto y bajo mi responsabilidad, lo firmo en Ourense, a ..... de ..... de 20...

Fdo.:

Anexo 2. SOLICITUD DE DIETA BLANDA

D/D<sup>a</sup> : ..... padre, madre o tutor/a legal del alumno/a  
....., matriculado en .....curso, en el Colegio San  
José de Ourense y, solicitado el servicio de comedor del colegio:

COMUNICA: Que debido a ..... debe tomar DIETA BLANDA  
durante los dias.....

Ourense ..... de ..... de 20...

Fdo.: